



CONVENIO ENTRE A FUNDACION PARA A PROMOCION DA INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO NA INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE INTERESE ECONÓMICO SECTORIAL NO CENTRO TECNOLOXICO PARA A ACTIVIDADE NON ECONOMICA DO CENTRO.

Dunha parte, D. Luis Moreno Dieguez, en nome e representación da Fundación para a Promoción da Investigación, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico na industria da automoción de Galicia (en adiante, CTAG), con NIF G-36871424 e domicilio en Polígono Industrial A Granxa, rúa A, parcelas 249-259, 36475, O Porriño. Comparece na súa calidade de director xeral da devandita Fundación, cargo para o que foi nomeado en Escritura outorgada o día 18 de maio de 2004 perante o notario con residencia en Vigo, D. César M. Fernández-Casqueiro Domínguez, nº 670 de protocolo, en virtude das facultades conferidas no Art. 21 dos Estatutos Fundacionais y os poderes conferidos na Escritura outorgada o día 9 de marzo de 2006 perante o notario con residencia en Vigo, D. José Luis Prieto Fenech, nº 534 de protocolo.

Doutra parte, Dña. Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral. Está facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que o Igape creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 79/2023, de 22 de xuño, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.

II. Que a Consellería de Economía e Industria, á que o IGAPE está adscrita está elaborando os Plans Directores Sectoriais nos sectores estratéxicos da economía galega, sendo o sector da automoción e a mobilidade o primeiro deles.

III. Que o Igape dentro das súas funcións considera que o reforzo das infraestruturas de desenvolvemento e ensaio que faciliten a transición do sector de automoción cara a electromobilidade debe constituír un elemento fundamental no apoio do sector e das súas empresas ante os grandes retos actuais de transformación.

IV. Que o CTAG é unha fundación galega sen ánimo de lucro, que ten a súa orixe na iniciativa das empresas do sector en Galicia, agrupadas desde 1997 nun Clúster de referencia internacional, polo que a actividade de CTAG está enfocada fundamentalmente á industria de automoción galega. O Centro foi creado en 2002 contando co apoio de diversas entidades públicas e privadas estreitamente relacionadas coa automoción galega, un sector estratéxico para a Comunidade Autónoma.



V. Que CTAG está constituída como fundación baixo a denominación de **Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia**, de carácter privado e declarada de Interese Industrial pola Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 26 de abril de 2000, e de Interese Galego pola Orde da Consellería de Industria e Comercio de 16 de maio de 2000

VI. Que CTAG ten como misión “contribuír ao fortalecemento, crecemento e mellora da competitividade das empresas de automoción, mediante a promoción e prestación de servizos de formación, información e asesoramento especialmente orientados á innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico”.

Os **obxectivos globais** que persigue o Centro son:

- Dar un servizo eficaz e real ás empresas do sector de automoción a través duns servizos próximos as súas necesidades presentes e futuras.
- Desenvolver as capacidades propias necesarias que permitan xerar un valor engadido de calidade en mellora continua.
- Servir de referente e guía no relativo ao desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, estando na vangarda do estado da arte nas súas áreas de especialización.
- Contribuír á mellora da cualificación tecnolóxica e formativa da súa contorna xeográfica e social.
- Servir de xestor do coñecemento mediante a apropiación e transferencia de tecnoloxías de interese para o sector.

VII. Que CTAG está inscrito no Rexistro de Centros Tecnolóxicos, establecido en virtude do RD 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regulan os Centros Tecnolóxicos e os Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o Rexistro de tales Centros, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade.

Nesta Fundación participan empresas e institucións comprometidas co sector de automoción, que posúe un carácter estratéxico e dinamizador da economía galega e do seu tecido industrial. Os membros do padroado que xestiona a Fundación son entidades relevantes para o sector en Galicia.

Ademais, **CTAG** participa activamente en diferentes iniciativas e plataformas españolas e europeas, comprometidas co impulso da I+D+i en xeral, e do sector da automoción en particular: *FEDIT- Federación Española de Centros Tecnolóxicos*, *SERNAUTO - Asociación Española de Fabricantes de Equipos y Componentes para Automoción*, *Plataforma Tecnolóxica M2F (Move2Future)*, *ITS España*, *ERTICO ITS Europe*, *ERTRAC - European Road Transport Research Advisory Council*, *ADRA - The AI Data Robotics Association*, *CCAM Platform (para mobilidade cooperativa, conectada e autónoma)*, *EATA - European Automotive and Telecoms Alliance*, *AGH2 - Asociación Gallega del Hidrógeno*, etc.

VIII. Que para continuar afondando no labor de CTAG ante os desafíos da transición da industria da automoción galega, o Igape debe impulsar e apoiar o fornecemento de novas capacidades para o Centro, que dean cumprida resposta ás grandes necesidades do tecido industrial nos vindeiros anos, mediante o financiamento de novas infraestruturas específicas de desenvolvemento e innovación tecnolóxica, que poidan beneficiar ao sector no seu conxunto de xeito universal.



IX. Que a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e CTAG consideran que o convenio de subvención é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da competitividade e a innovación do tecido empresarial de automoción, xa que promove e incentiva o esforzo na xeración de capacidades efectivas que incrementen o soporte das empresas. Dada a especificidade do obxecto do convenio e o seu obxectivo de enfrontar en mellores condicións a transición do sector da automoción e a mobilidade, xustifícase o carácter excepcional e as razóns de interese público, social e económico que aconsellan a concesión dunha subvención directa e non procede a realización dunha convocatoria pública para estas actuacións, debido á especialización e singularidade do CTAG para albergar as solucións necesarias.

Tendo en conta estas consideracións, o CTAG levaría a cabo, a realización dos investimentos necesarios para a xeración de novas capacidades cara a continuar na senda de liderado futuro da industria de automoción galega, para a súa utilización na actividade non económica do Centro. Por todo o anterior, a subscripción do presente convenio de subvención directa representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos das pemes e do interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, para os efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/ C 414/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que outórganse a organismos de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 20 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilicen case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio o financiamento de novas infraestruturas de laboratorio para incrementar as capacidades da industria da automoción en Galicia.

O investimentos definidos dirixiranse de xeito case exclusivo ás actividades non económicas do CTAG, entre outras:



Actividades primarias do CTAG:

Formación para lograr más e mellor persoal cualificado.

I+D independente para mellorar os coñecementos e a comprensión cando o Centro participe en proxectos de colaboración efectiva.

Ampla difusión dos resultados da investigación de forma universal non discriminatoria nin exclusiva.

Actividades de transferencia de coñecemento levadas a cabo polo CTAG illadamente ou xunto con outras entidades, ou por conta de esas entidades, de xeito que todos os beneficios destas actividades sexan reinvestidos nas actividades primarias do Centro. (O carácter non económico de tales actividades non se ve afectado polo feito de contratar con terceiros prestación de servizos mediante licitación pública).

Para tales fins, desenvolverase dous proxectos de investimento en laboratorios especiais:

- Laboratorio de compoñentes para vehículo eléctrico e procesos de fabricación innovadores
- Laboratorio de iluminación, confort e calidade percibida

Os obxectivos detallados de actuacións ao abeiro do presente convenio figuran na seguinte cláusula.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO CONVENIO

Laboratorio de compoñentes para vehículo eléctrico e procesos de fabricación innovadores :

A creación dun novo laboratorio de compoñentes para vehículo eléctrico, fundamentalmente celas e módulos de baterías, así como, a integración da súa electrónica de potencia específica, acompañado de medios orientados á complexidade dos novos procesos de fabricación, complementará as capacidades de **CTAG** para abordar as necesidades futuras en dixitalización e descarbonización do sector da automoción. Gracias a estes equipamentos, poderanse desenvolver tecnoloxías de almacenamento que permitan aumentar a seguridade, a autonomía e a fiabilidade do vehículo eléctrico tendo en conta a xestión térmica, a arquitectura eléctrica e as químicas necesarias para o desenvolvemento deste produto. Tamén se creará unha infraestrutura para garantir a seguridade dos procesos a través da IA que servirá para apoiar as necesidades do sector da automoción, pero que se pode aplicar de forma transversal a outros sectores de interese en Galicia.

Este laboratorio estará equipado coa infraestrutura eléctrica, de refrixeración e securización necesaria para instalar e manipular tanto os cicladores de teste como as celas e módulos de baterías.

Neste laboratorio realizaranse as tarefas de caracterización funcional, desensamblado/ensamblado e instrumentación de celas e módulos necesarias antes de realizar os ciclos de teste.

- a. Instalación para caracterización funcional de compoñentes del vehículo eléctrico



Estas instalacións estarán formadas por diferentes equipos que funcionarán simultaneamente para reproducir as condicións de alimentación de alta tensión dos compoñentes do vehículo eléctrico:

- Un emulador de baterías de altas prestacións. Consistirá nun armario eléctrico con voltaxes regulables entre 5V e 1000 V e correntes elevadas en nalgúns casos de ata 1000 A. Estes equipos estarán combinados para funcionar de forma coordinada cos compoñentes do vehículo eléctrico no interior das cámaras climáticas, incluíndo os conexiónados necesarios para operar a temperaturas extremas.
- Sistemas de seguridade en función das condicións dos compoñentes. Deberanse dimensionar tamén os circuitos de refrixeración líquida, aire e sistemas de detección/extinción de incendios.
- Sistemas de control e medida. Normalmente será necesaria a integración de tarxetas de control e adquisición con diferentes sensores de medida de potencia eléctrica e de temperatura.

b. Instalación de caracterización funcional de módulos:

- Cámara climática. Co fin de poder analizar varios módulos de forma simultánea en ambientes controlados será necesaria unha cámara climática dun volume interior mínimo de 2000 L e rangos de temperatura similares aos existentes no vehículo eléctrico (-40°C y 120°C). Será necesario un volume interior de traballo axeitado ás tecnoloxías de celas emerxentes tipo espada de grandes dimensións.
- 1 ciclador eléctrico: Será necesario un armario eléctrico con voltaxes regulables entre 3 V e 140 V e correntes elevadas nalgúns casos de ata 1000 A. Este equipo estará combinado para funcionar de forma coordinada co módulo no interior da cámara climática, incluíndo os conexiónados necesarios para funcionar a temperaturas extremas.
- Sistemas de seguridade en función da carga química dos módulos. Deberanse dimensionar os sistemas de extracción de gases e os sistemas de detección e extinción automática no interior da cámara climática, así como a instalación de analizadores de gases específicos.
- Sistema de refrixeración líquida para acondicionamento térmico da electrónica de potencia do VE que permita a investigación con líquidos non condutores para aumentar a seguridade do vehículo.
- Sistemas de control e medida. Normalmente será necesaria a integración de tarxetas de balanceo das celas, as cales constitúen un módulo e diferentes sensores de medida de potencia eléctrica e de temperatura.

c. Instalación de caracterización funcional de celas

Esta instalación estará formada polos seguintes equipos:

- Cámara climática. Co fin de poder analizar celas de forma simultánea en ambientes controlados será necesaria unha cámara climática dun volume interior de 2000 L e rangos de temperatura similares aos existentes no vehículo eléctrico (-40°C y 120°C). Será necesario un volume interior de traballo axeitado ás tecnoloxías de celas emerxentes tipo espada de grandes dimensións.
- 1 ciclador eléctrico multicanal. Serán necesarios armarios eléctricos con voltaxes regulables hasta 6 V e correntes elevadas nalgúns casos de ata 500 A. Estes equipos



estarán combinados para funcionar de forma coordinada coas celas no interior da cámara climática, incluíndo os conexiónados necesarios para funcionar a temperaturas extremas.

- Sistemas de seguridade en función da carga química das celas. Deberanse dimensionar os sistemas de extracción de gases e os sistemas de detección e extinción automática no interior das cámaras climáticas, así como a instalación de analizadores de gases específicos.
- Sistemas de control e medida.

d. Instalación de procesos securizados e IA

Adquisición de sistemas de procesado de datos para mellorar a dispoñibilidade, capacidade de cómputo, control, seguridade e ciber resiliencia nos proxectos de I+D.

Esta instalación estará equipada con medios que faciliten a investigación, desenvolvemento e implementación de solucións baseadas na Intelixencia Artificial.

Os compoñentes principais son:

- Infraestrutura informática de alto rendemento - nodos para virtualización - tipo PowerEdge R760XA –
- Nodos de alta capacidade de procesado especializada en IA e ML con varias procesadoras baseadas en GPU
- Software e ferramentas de IA - Licenzas de IA actualizadas.
- Software de virtualización de alta capacidade para aproveitamento dos nodos de procesado e cómputo.
- Almacenamento para a xestión de datos e librerías de ensino e resultados.
- Rede de acceso Xestión fóra de banda - Xestión e acceso ao clúster HPC - Rede de banda Infiniti - Nodos de xestión e implantación (xestor de filas, etc.) e sistemas de almacenamento PowerScale All Flash New Solution ou similares

e. Equipamento para o laboratorio Powertrain de Vehículo Híbrido, Eléctrico e de Hidróxeno

Este equipo pretende ampliar as capacidades de proba e simulación do Powertrain Laboratory (PWT). Por unha banda, ampliase a instalación de probas de PWT eléctrica, incluíndo o suministro de gas (H₂) e todos os sensores que permiten probar os vehículos alimentados por H₂. Esta instalación complementase cun completo sistema de adaptación do vehículo: unidades de soporte VE, sistemas de control de temperaturas positivas. Con estas dúas melloras, as instalacións do CTAG estarían preparadas para traballar tanto con vehículos H₂ como a nivel subsistema, con prototipos equipados con pilas de combustible H₂.

Por outra banda, preténdese adquirir unha serie de ferramentas para prototipado de control rápido (RCP), control en tempo real (RT-Control) e probas de Hardware in The loop (HiL). Estas ferramentas axudarán a resolver problemas de control en prototipos para os que actualmente non existe unha solución versátil e que forman parte das liñas estratéxicas de I+D do Laboratorio de Vehículo Eléctrico.



Laboratorio de iluminación, confort e calidade percibida

A creación dun novo laboratorio de lighting, calidade percibida e estudo de burbullas de confort pretende dotar a **CTAG** de capacidades actualmente inexistentes, pero complementarias coas liñas actuais da División de Electrónica e Mobilidade Intelixente do Centro. O obxectivo é ter, no medio prazo, un laboratorio de referencia para a avaliación de solucións de automoción relacionadas con lighting e a calidade percibida dos mesmos por parte dos usuarios, e o confort para interior de vehículo, tanto a nivel exterior (faros, pilotos e outros dispositivos lumínicos), como no interior do vehículo (iluminación decorativa e funcional, pantallas, etc.). Plantéxase iniciar esta actividade con:

a. Equipos de iluminación óptica

Por un lado, equipos centrados na caracterización de materiais e fontes lumínicas, así como na investigación, desenvolvemento e prototipado de solucións de guías de luz, coa que se poderán facer medidas de luminancia, iluminancia, fluxo luminoso e brillo de luminarias ou pantallas. Na actualidade, non existe no ecosistema galego un laboratorio destas características. Adquiriranse os seguintes equipos:

- Lumicam 4000B. Sistema para medición de luminancia e color coa resolución máis alta do mercado, para caracterización, desenvolvemento e validación de sistemas de automoción como son as pantallas (en alto crecemento), con resolucións cada vez máis elevadas.
- Mesa óptica equipada con diferentes raís, soportes e outros accesorios de maneira que se poderán suxeitar e orientar mostras de diferentes formas e tamaños para a execución das medicións.
- Esfera integradora duns 2 m de diámetro para facer medicións de fluxo luminoso e espectrometría das luminarias utilizadas en automoción. Este é un equipamento diferenciador polas súas dimensións.
- Cámaras embarcables con accesorios tanto para fotografar ópticas e guías de luz en detalle a corta distancia como para fotografar distribucións de luz de faro completo en túnel óptico. Tamén para grabar video en alta resolución e velocidade para detectar flickering, incluso embarcada en prototipos móbiles.
- Fotómetros para validación óptica dinámica, que poderán ser utilizados en pistas, segundo a descrición da norma de IIHS e similares.
- Sistema de inspección automático para a verificación de LEDs en PCBAs a nivel lumínico (luminosidade, cor, saturación e frecuencia de espectro, tanto para visible como para infra vermello e de posicionamento (verificación posicionamento de alta precisión para aliñar con guías luz).
- SW específico para o control dos dispositivos e a montaxe e control de bancos específicos de probas.

b. Túnel de luz

O túnel de luz é un espazo de grandes dimensións para a avaliación estática de solucións de lighting a nivel de vehículo completo. É unha estrutura cerrada que contén un sistema de iluminación variable, superficies reflectantes e dispositivos de medición da luz. Permite reproducir unha ampla gama de condicións de iluminación, como a luz do día, a luz artificial e diversas condicións atmosféricas, e así avaliar como a iluminación afecta á aparencia e o rendemento visual. O túnel disporá do espazo de 2 carrís dunha estrada normal, marcas viais e reflectores e demais complementos para poder simular condicións reais de iluminación.



c. Fotogoniómetro

O fotogoniómetro é un equipamento singular que permite avaliar o comportamento da compoñente faro/piloto completo e facer medicións lumínicas do mesmo. O goniómetro é un instrumento de medición utilizado para caracterizar a distribución angular da luz emitida por fontes luminosas, como faros de automóviles ou sistemas de iluminación interior. É necesario que estea instalado nunha habitación con temperatura e iluminación controlada. Dispón dun soporte móbil con motores de precisión para desprazamento e orientación da mostra, así como de sensores ópticos para caracterización lumínica a diferentes distancias da mostra, sendo a mais afastada a 25 m.

Inclúese neste laboratorio a integración dunha cámara LMT; trátase dun sistema para medir o comportamento da iluminación dos faros directamente no coche, o que reduce tempos de medición. Tamén se usa en combinación co fotogoniómetro para reducir tempos de medición e aumentar a precisión das medidas. A tecnoloxía trae a estrada ao laboratorio, medindo a iluminación sen a influencia do clima ou condicións da estrada (reflexiones, flashes...). Unha vez que o vehículo está na súa posición calcúlase o cut-offline e proxectase na pantalla permitindo axustar a inclinación directamente no vehículo se fose necesario.

d. Medios para o laboratorio de Confort Bubles

Laboratorio para optimización do confort, permite a CTAG apoiar as empresas de fabricación e desenrolo de compoñentes de interior, podendo crear Confort Bubbles e no so pezas, para isto necesítase de os seguintes medios:

- Sistemas para optimización de confort acústicos, estes sistemas permiten a avaliación de son e a captación do sinal sonoro e o estudo da inversión do mesmo para poder crear sistema de cancelación de rúidos específicos para vehículos, para isto se plantexa adquirir sistema capaz de capta-lo sinal sonora e nun tempo inferior a 50 ms invertir-la sinal e volver a emitila e todo o sistemas de micrófonos, sensores e captadores asociado , ádemas tamén se terá sistemas novidosos de emisores de son, chamados resoadores, que se poden adherir ás pezas creando superficies resoantes
- Taller de Mockup para poder modificar os interior de vehículo adaptado e prototipando as soluciones para poder facer estudos e Demolab de elas, tanto con persoas como co noso Dummy de análise de confort, para elo tense que crear un taller con medios de elevación de vehículo, sistemas para montaxe e desmontaxe de compoñentes e sistemas de corte e soldadura.
- Para o confort interior tanto térmico, acústico como o visual e necesario tamén poder prototipar pezas con materiais plásticos reais para elo disporase de una maquina de fabricación de prototipo alimentada con Pellets plásticos, esta opción permite procesar formulacións propias e crear pezas prototipo onde estes materiais e ter as sensación reais de uso e percepción de usuario.
- Para o confort visual tamén se plantexa a compra de cámaras para project mapping e simular situación de rodadura podendo evaluar o efecto dar diferentes burbullas de confort no motion-sickness, e desenvolver compoñentes que reduzan este problema nos futuros vehículos autónomos

TERCEIRA. GASTOS ATENDIBLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ano 2024 e polo tanto, investimentos realizados a partir entre o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 10 de decembro de 2024.

2. O importe do IVE (Imposto do Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación. Non obstante o anterior, o IVE vinculado aos investimentos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante Certificado de Situación Censual expedido pola AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE (ou a 40.000 € + IVE no caso de obras) CTAG deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisárase polo menos a aprobación ex ante do Igape deses gastos e ulterior xustificación e ratificación no Comité de Seguimento do convenio.

4. Todo los investimentos xustificadas por CTAG deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

5. O Igape farase cargo dun máximo dun 100% dos investimentos obxecto do convenio:

Laboratorio de compoñentes para VE e procesos de fabricación innovadores

Emulador de baterías de alta potencia	300.000,00 €
Instalación de caracterización funcional de módulos	320.000,00 €
Instalación de caracterización funcional de celas	440.000,00 €
Instalación procesos securizados e IA	683.000,00 €
Equipamento laboratorio powertrain de VE, híbrido e H2	310.000,00 €

TOTAL: 2.053.000,00 €



Laboratorio de iluminación e calidade percibida

Equipos de iluminación óptica (Lumicam 4000B, mesa óptica, esfera integradora, cámaras, fotómetros, sistema inspección automática, SW específico) 815.000,00 €

Túnel de luz 285.000,00 €

Fotogoniómetro 650.000,00 €

Equipos Confort Bubles 197.000,00 €

TOTAL: 1.947.000,00 €

Na execución dos investimentos, poderanse admitir variacións de ata o 20% en cada partida definida nas táboas anteriores, no caso que a execución final sexa inferior ao previsto, a subvención do Igape reducirase proporcionalmente. En ningún caso a subvención do IGAPE superará os catro millóns de euros.

Esta subvención será incompatible con calquera outra axuda pública destinada aos mesmos investimentos que puidera recibir CTAG.

CUARTA. COMPROMISOS DO IGAPE

Para a subvención dos investimentos obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 4.000.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para o ano 2024, (Proxecto 2017 00014). O anexo I "Memoria Económica" detalla a aplicación desta achega.

Partida Orzamentaria	2024	Total
09.A1.741A.7810	4.000.000 €	4.000.000 €

CTAG carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a subvención directa responde a unha compensación dos custos de investimento que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ Igape deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.
- ❖ No marco deste convenio, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

QUINTA. COMPROMISOS DE CTAG

- ❖ CTAG responsabilízase de executar as actuacións da cláusula segunda, na súa totalidade.
- ❖ CTAG será responsable da difusión da actividade, coa finalidade de reforzar o coñecemento das novas capacidades no sector de automoción galego e asegurar a súa participación nas actividades de comunicación que se organicen.
- ❖ CTAG deberá realizar os investimentos obxecto de axuda e xustificar a súa realización ante o Igape para percibir o pagamento previsto na cláusula seguinte.



- ❖ CTAG difundirá a colaboración do Igape en todas as manifestacións públicas que realice.
- ❖ CTAG comprométese a levar contabilidade separada das contas correspondentes á estas instalacións nas que se poderá comprobar o seu uso dentro das actividades non económicas do Centro Tecnolóxico.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Conforme ao estipulado no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Igape, efectuará o pago da cantidade estipulada no convenio a CTAG previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en Igape

A subvención do Igape será aboada unha vez solicitado o pagamento mediante a presentación de certificacións de investimentos do CTAG, comprensiva dos custos incorridos e a correspondente documentación xustificativa, que serán presentadas ao remate dos investimentos, achegando informe das actuacións realizadas que acredite o dito cumprimento, ademais dos documentos xustificativos dos investimentos que se describen máis adiante nesta cláusula.

A data límite de xustificación será o 10 de decembro.

A liquidacións presentarase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.

CTAG responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A liquidación estará integrada por:

1. Certificación dos investimentos, segundo o modelo do Anexo II: certificación comprensiva da relación clasificada dos investimentos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; na que tamén se solicita o pagamento.
2. Informe das actuacións realizadas.
3. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, tamén incluída no Anexo II.
4. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída tamén no Anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir a exhibición do documento orixinal.
5. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración



Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula --- deste convenio, CTAG autoriza a realización desta petición.

6. Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do investimento realizado:

- ❖ Xustificación dos investimentos mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento. Deberase entregar declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
- ❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible, de ser o caso:
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): Certificación da AEAT de exención do IVE ou
 - Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

7. Calquera outra documentación ou material que a persoa beneficiaria considere necesaria presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio

Requisitos:

- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Os gastos deben estar realizados dentro do prazo establecido no convenio, que finaliza o 10 de decembro de 2024.

O Igape abonará a CTAG o 100% dos custos xustificados, cos límites do Anexo I.

Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acade un 51% de execución do convenio. Neste caso, resolverase o convenio e CTAG perderá o dereito á subvención.

CTAG manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, a conta de explotación segregada correspondente aos medios obxecto do convenio así como todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos para o fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

SETIMA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCION

Establécese como prazo de vixencia desde a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

O convenio non é susceptible de prórroga.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polo CTAG. Neste caso, o Igape poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous de CTAG, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para CTAG que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación só poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a redistribución entre os investimentos previstos. Os cambios nos conceptos subvencionables só serán modificables cando estean debidamente xustificadas e previa aprobación da Comisión de Seguimento, e sempre que sexan cambios referidos ao obxecto do convenio e para o cumprimento dos seus obxectivos.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberá ser obxecto de autorización polo Igape e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. PUBLICIDADE

CTAG dá consentimento expreso a Igape para:

a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web do Igape, así como no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo 20 será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de CTAG, adquieren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a CTAG, incluíndo calquera soporte ou documento.



O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a CTAG do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA E RESOLUCION DE CONFLITOS

O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

O Igape ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso-Administrativo.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 13 de agosto de 2024.

Polo IGAPE

Por CTAG

Covadonga Toca Carús

Luis Moreno Diéguez



ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO ENTRE A FUNDACION PARA A PROMOCION DA INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO NA INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE INTERESE ECONÓMICO SECTORIAL NO CENTRO TECNOLOXICO PARA A ACTIVIDADE NON ECONÓMICA DO CENTRO.

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 4.000.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para o ano 2024, (Proxecto 2017 00014 Convenio IGAPE – CTAG).

Partida Orzamentaria	2024	Total
09.A1.741A.7810	4.000.000 €	4.000.000 €

O Igape aportará unha subvención directa a fondo perdido do 100% do investimento atendible previsto no convenio.

Os Únicos gastos atendibles son investimentos en activos fixos:

Laboratorio de compoñentes para VE e procesos de fabricación innovadores

Emulador de baterías de alta potencia	300.000,00 €
Instalación de caracterización funcional de módulos	320.000,00 €
Instalación de caracterización funcional de celas	440.000,00 €
Instalación procesos securizados e IA	683.000,00 €
Equipamento laboratorio powertrain de VE, híbrido e H2	310.000,00 €
TOTAL:	2.053.000,00 €

Laboratorio de iluminación e calidade percibida

Equipos de iluminación óptica (Lumicam 4000B, mesa óptica, esfera integradora, cámaras, fotómetros, sistema inspección automática, SW específico)	815.000,00 €
Túnel de luz	285.000,00 €
Fotogoniómetro	650.000,00 €
Equipos Confort Bubles	197.000,00 €
TOTAL:	1.947.000,00 €

Na execución dos investimentos, poderanse admitir variacións de ata o 20% en cada partida definida nas táboas anteriores, no caso que a execución final sexa inferior ao previsto, a aportación do Igape reducirase proporcionalmente. En ningún caso a aportación do IGAPE superará os catro millóns de euros.

CTAG carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.



ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO								DOCUMENTOS DE PAGO			
IGAPE-CTAG "INVESTIMENTO"											
Actuación	CONCEPTO	Nº FACT. / DOCUM	DATA	NOME DO PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL CON IVE	IMPORTE IMPUTABLE AO CONVENIO	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
TOTAL											

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu investimentos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.



- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ", ao obxecto do convenio entre CTAG e o Igape para a execución de actividades 2024-2026.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros (*100% do importe anterior*), ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)